

A EMPRESA CORUÑESA APPLUS+ ACOLLE HOXE UNHA NOVA CAMPAÑA DE DOAZÓN DE SANGUE

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) estará ao longo da presente xornada, venres 14 de novembro, na empresa APPLUS+ de Sada Os profesionais que desexen doar sangue poderán facelo na unidade móbil da ADOS que estará estacionada diante da entrada da nave de D.A.F das 10:00 ás 14:00 horas.

APPLUS+ conta cunha longa traxectoria de colaboración que comezou no ano 1995. Desde este ano, as unidades móbiles da Axencia visitaron as instalacións da empresa en medio cento de ocasións, acadando, no transcurso destas visitas, 1.071 doazóns de sangue.

ADOS quere agradecer á dirección de APPLUS+ as facilidades amosadas para o desenvolvemento das campañas de doazón de sangue, recoñecemento que fai extensivo a todos os seus traballadores e traballadoras que participan activamente doando sangue.